

Outros destinos anteriores		Anos	
		Meses	
		Días	

Títulos académicos

Conecemento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:

(Lugar, data e sinatura)

Conseilleiro de Educación e Ordenación Universitaria

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 14 de maio de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter provisional, os aspirantes admitidos e excluídos para participar no concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do organismo.

Os puntos 1 e 2 da base cuarta da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 40, do 26 de febreiro) pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, prevé que, unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, se dite unha resolución declarando, con carácter provisional, os aspirantes admitidos e excluídos, co motivo da exclusión, así como a súa publicación.

Por todo isto, esta Dirección de Recursos Humanos

ACORDA:

Primeiro.-Declarar, con carácter provisional, os aspirantes admitidos e excluídos para participar no concurso-oposición para o ingreso nas categorías de albanel, calefactor/a, carpinteiro/a, celador/a, cocinero/a, costureiro/a, electricista, enfermeiro/a espe-

cialista en obstetricia-xinecoloxía (matrón/a), enfermeiro/a especialista en saúde mental, enxeñeiro/a técnico/a, fisioterapeuta, fontaneiro/a, grupo administrativo da función administrativa, grupo auxiliar da función administrativa, grupo de xestión da función administrativa, grupo técnico da función administrativa, lavandeiro/a, logopeda, mecánico/a, pasador/a de ferro, perruqueiro/a, persoal de enfermaría (ATS/DUE), persoal de servizos xerais, pinche, técnico/a de xestión de sistemas e t.i., técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría, técnico/a especialista de sistemas e t.i., técnico/a especialista en anatomía patolóxica e citoloxía, técnico/a especialista en hixiene bucodental, técnico/a especialista en imaxe para o diagnóstico clínico, técnico/a especialista en laboratorio de diagnóstico clínico, técnico/a especialista en radioterapia, técnico/a superior de sistemas e t.i., telefonista, terapeuta ocupacional, traballador/a social, de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, convocado pola resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 40, do 26 de febreiro).

Segundo.-As listaxes coa relación de aspirantes admitidos e excluídos poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, nos dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web (www.sergas.es).

Terceiro.-Os apirantes excluídos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para poder emendar, se é o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2009.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos do Servizo
Galego de Saúde

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO DEZ DA CORUÑA

Cédula de citación (222/2009-mj).

En virtude do acordado polo maxistrado xuíz de primeira instancia número dez da Coruña e o seu partido, en resolución desta data, nos autos de proposta de adopción nº 222/2009 que se seguen neste xulgado, acordouse citar a María Trinidad Moya Rodríguez e Ramón Juan Navarro Castaño, actualmente en paradoiro descoñecido, co fin de que o día dez de xuño, ás 10.00 horas, comparezan ante este xulgado para a práctica de dilixencias, prevíndoos de que, de non o verificar, recaerán sobre eles os prexuízos que procedan en dereito.

Na Coruña o vinte e sete de abril de dous mil nove.

Carmen García Pedreira
Secretaria

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Edicto (163/2007).

Fernando Rúa Gayo, secretario do Xulgado de Primeira Instancia de Vilagarcía de Arousa, fai saber que neste xulgado se segue xuízo verbal número 163/2007, seguidos por instancia de Almacenes A Gaiana, representados polo procurador sr. Gómez Feijoo contra *Construcciones Aneiros-Iglesias, S.L.* (rte. legal Eliseo Iglesias Rodríguez). Nestas actuacións, con data 22-12-2008, a xuíza Carolina Nores Días ditou sentenza, cuxo teor literal é o seguinte:

«Antecedentes de feito e fundamentos de dereito e decido que estimando a demanda presentada por

instancia de *Almacenes A Gaiana, S.L.*, representada polo procurador sr. Gómez Feijoo e asistido polo letrado sr. Lois Bastida, contra a entidade *Construcciones Aneiros Iglesias, S.L.*, en situación de rebeldía procesual, debo condenar e condeno o demandado a aboarlle á demandante a suma reclamada de 912,27 euros, mais os xuros legais xerados desde a data de interpelación xudicial e custas.

Notifíquese esta sentenza ás partes, facéndolles saber que contra ela cabe recurso de apelación que, se é o caso, se deberá interpor perante este mesmo xulgado dentro dos cinco primeiros días seguintes a aquel en que se notifique esta resolución.

Lévese o orixinal ao libro de sentenzas.

Por esta miña sentenza, da cal se expedirá testemuño para incorporalo ás actuacións, así o pronuncio, mando e asino, Carolina Nores Díaz, xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un de Vilagarcía de Arousa».

E como consecuencia do ignorado paradoiro e para que sirva de notificación en forma a *Construcciones Aneiros-Iglesias, S.L.* (rte. legal Eliseo Iglesias Rodríguez) e para a súa inserción no taboleiro de anuncios deste xulgado, así como no *Diario Oficial de Galicia*, expídese este edicto para que sirva de cédula de notificación en Vilagarcía de Arousa o trinta e un de marzo de dous mil nove.

Fernando Rúa Gayo
Secretario do xulgado

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO TRES DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Edicto (434/2008).

No xuízo citado ditouse a resolución cuxo texto literal é o seguinte:

«Sentenza nº 169.

En Vilagarcía de Arousa o vinte de novembro de dous mil oito.

Vistos por min, Santiago Rodríguez de Vicente-Tutor, xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número tres de Vilagarcía de Arousa, os presentes autos de xuízo ordinario nº 434/2008, actuando como parte demandante Comercial Félix Acuña, representada polo procurador Sr. Gómez Feijoo e como demandada a mercantil *Sygi, S.L.*, en situación de rebeldía procesual, en virtude das facultades que me foron conferidas pola Constitución e en nome do rei, dito a seguinte sentenza.

Seguen antecedentes de feito e fundamentos de dereito.